

ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA

Resolución do 13 de abril de 2010 pola que se convoca un curso básico de auxiliares de policía local.

Dentro das actividades programadas para o ano 2010 e conforme as funcións atribuídas pola Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública, anúnciase a convocatoria dun curso básico de auxiliares de policía local, conforme as seguintes bases:

1. Datos da actividade.

Denominación: básico de auxiliares de policía local.

Tipo: curso.

Horas lectivas: 40.

Modalidade: presencial.

Obxectivos: dotar os auxiliares de policía local dunha formación teórico-práctica que os capacite para o posterior desempeño da súa función como auxiliares temporais dos corpos de policía local.

Contido:

- Intervención policial.
- Tráfico e seguridade viaria.
- Policía administrativa.
- Primeiros auxilios.
- Aplicacións policiais básicas do dereito penal e procesual-penal.
- Relacións co cidadán.

2. Desenvolvemento da convocatoria.

Destinatarios/as: persoal seleccionado e proposto polos concellos que puidese prestar servizo como auxiliar de policía local de forma temporal, de acordo co previsto nos artigos 47 a 48 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais. Para estes efectos, como se recolle no artigo 48.2º do citado decreto, non terán a obriga de facer o dito curso as persoas que o superasen nos últimos 4 anos, é dicir, a partir do ano 2006.

Prazas ofertadas: sen límite.

3. Solicitudes de participación.

Praza de inscrición e presentación: o prazo para de inscrición e presentación de solicitudes de participación rematará o día 18 de maio de 2010.

Os concellos que estan nesta situación deberán remitir un escrito asinado polo/a alcalde/esa á Academia Galega de Seguridade Pública (avenida da Cultura, s/n, 36680 A Estrada (fax: 886 20 61 22), no cal figure a lista de persoas seleccionadas segundo o artigo 47 do Decreto 243/2008, para efectuar a

correspondente reserva de praza para a realización do dito curso.

Listaxe de solicitudes seleccionadas: o día 20 de maio de 2010 a Academia Galega de Seguridade Pública publicará no taboleiro de anuncios e no sitio web <http://agasp.xunta.es> as solicitudes de participación recibidas que cumprisen os requisitos anteriores.

4. Desenvolvemento da actividade.

Presentación: as persoas admitidas a este curso deberán presentarse ás 9.30 horas do día 24 de maio de 2010.

Lugar: sede da Academia Galega de Seguridade Pública.

Horario lectivo: das 10.00 ás 14.00 e das 16.00 ás 20.00 horas.

Datas: do 24 ao 28 de maio de 2010.

Certificado de superación do curso: ao remate da actividade entregaráselle un certificado de asistencia a aquelas persoas que acrediten a súa participación continuada nela, e superen as probas que se determinen no seu caso.

5. Modificacións e incidencias.

A Academia Galega de Seguridade Pública poderá modificar o desenvolvemento normal da actividade para adaptala ás necesidades da Administración e ás contingencias que poidan xurdir.

A Estrada, 13 de abril de 2010.

José Carlos García Bouzas
Director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIAS

Resolución do 22 de marzo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para o desenvolvemento de proxectos audiovisuais en lingua galega e se convocan para o ano 2010.

A Axencia Galega das Industrias Culturais -Agadic-, no exercicio das súas competencias de fomento e promoción das industrias culturais galegas, é consciente da relevancia do sector audiovisual na sociedade contemporánea pola súa contribución á creación das industrias culturais e ao desenvolvemento económico da comunidade autónoma; de aí que a Lei 6/1999, do 1 de setembro, do audiovisual, considere estratéxico o seu desenvolvemento.

A través das subvencións ao desenvolvemento de proxectos audiovisuais en lingua galega, preténdese

fomentar unha das fases esenciais da produción audiovisual, como a selección da historia e posta a punto dos aspectos guionísticos e orzamentarios de calquera proxecto audiovisual. Enténdese por desenvolvemento de proxectos o conxunto de operacións previas á preproducción dunha obra audiovisual: a adquisición de dereitos, os traballos de investigación, escrita e análise do guión, a selección de membros principais do equipo técnico-artístico, preparación do orzamento estimado de produción e plan financeiro, a procura de socios e coprodutores no contorno da industria audiovisual, a planificación da produción, o plano inicial de márketing e explotación da obra, etc.

Para certos tipos de produción, considéranse ademais como parte integrante do desenvolvemento a investigación gráfica e a realización dun *teaser* ou piloto (para as películas e series de animación) ou a investigación en arquivos (para as producións que poñan en valor o patrimonio audiovisual europeo).

Mediante esta resolución, a Agadic establece as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para o desenvolvemento de proxectos audiovisuais en lingua galega, co fin de estimular o crecemento do sector na nosa comunidade autónoma e facelo máis competitivo nos mercados internacionais.

Por todo isto,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Convocatoria e bases reguladoras.*

1. Por esta resolución establécense as bases reguladoras polas que se rexerá a concesión das subvencións da Agadic para o desenvolvemento de proxectos audiovisuais en lingua galega, que se inclúen como anexo I.

2. Así mesmo, por medio desta resolución convócanse as devanditas subvencións para o ano 2010.

Artigo 2º.-*Financiamento e concorrencia.*

1. Para a concesión das subvencións destinarase un crédito global de 500.000 €, orzado na aplicación 11.A1.432B.770.0, dos cales 250.000 € corresponden á anualidade de 2010 e 250.000 € á de 2011, e que poderán ser incrementados como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria, o que poderá dar lugar á concesión de máis subvencións de acordo coa orde de prelación de solicitantes que resulte de aplicación dos criterios do artigo 8º das bases reguladoras.

2. A axuda que se concederá asume a forma de subvención a fondo perdido e o importe das subvencións concedidas non poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas a través doutras administracións públicas, supere o custo total do orzamento do proxecto ou as porcentaxes máximas de financiamento, segundo os tipos de proxectos establecidas nas bases reguladoras.

3. Así mesmo, o importe da subvención non poderá exceder, xunto coas demais axudas amparadas pola cláusula *de minimis* percibidas polo beneficiario no último período de tres anos fiscais, o límite de 200.000 euros.

Artigo 3º.-*Beneficiarios.*

1. Para poder ser beneficiario das subvencións, deberase presentar unha solicitude axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo II desta resolución, que irá acompañada dos documentos que se especifican no artigo 3º das bases reguladoras.

2. A solicitude de subvención (anexo II) e os anexos que a acompañan (III, IV e V) poderanse obter a través do enderezo da internet www.agadic.info.

Artigo 4º.-*Lugar e prazo de presentación das solicitudes.*

1. As solicitudes presentaranse preferentemente no Rexistro da Axencia Galega das Industrias Culturais, no rexistro xeral de servizos centrais da Xunta de Galicia ou por calquera dos restantes medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Aquelas empresas que na anualidade de 2009 lle solicitasen estas axudas á Consellería de Cultura e Turismo poderán xuntar unha declaración responsable de que se manteñen invariables as circunstancias a que se refiren os documentos sinalados como a), b), c) e d) do artigo 3.2º.2 das bases reguladoras e de que constan en poder da Consellería de Cultura e Turismo, considerándose así presentada a antedita documentación.

2. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao de publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 5º.-*Prazo de duración do procedemento de concesión.*

1. Unha vez rematado o prazo para a presentación de solicitudes, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras.

2. Para os efectos establecidos no artigo 42.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes aos proxectos recollidos nesta resolución será de seis meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria.

Artigo 6º.-*Prazo de xustificación das subvencións.*

O prazo de xustificación para as subvencións de carácter anual rematará o 31 de outubro de 2010.

Os prazos de xustificación das correspondentes anualidades para as subvencións de carácter plurianual rematarán nas seguintes datas:

Anualidade de 2010: 31 de outubro de 2010.

Anualidade de 2011: 31 de outubro de 2011.

Transcurrido o prazo de xustificación sen que se presente ésta ante a Agadic, requirirase o beneficiario para que a presente no prazo improrrogable de dez días. A falta de xustificación neste prazo comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención,

a exigencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

Artigo 7º.-Información aos interesados.

Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Dirección da Axencia Galega das Industrias Culturais a través dos seguintes medios:

- a) Páxina web oficial da Agadic (www.agadic.info) na súa epígrafe de axudas e trámites.
- b) Teléfonos: 881 99 96 10, 881 99 96 14, 881 99 96 15 e 881 99 96 17.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Habilitación para o desenvolvemento.

Facúltase a Dirección da Agadic para que dite as resolucións que sexan precisas para o desenvolvemento e a aplicación desta resolución.

Segunda.-Entrada en vigor.

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2010.

Roberto Varela Fariña
Presidente do Consello de Dirección da Axencia
Galega das Industrias Culturais

ANEXO I

Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para o desenvolvemento de proxectos audiovisuais en lingua galega

Artigo 1º.-Obxecto e réxime das subvencións.

1. Serán obxecto de subvencións da Agadic o desenvolvemento das seguintes modalidades de proxectos:

- a) Longametraxes de ficción: proxectos de longametraxe de imaxe real ou de animación cunha duración superior aos 60 minutos.
- b) Longametraxes documentais: proxectos de longametraxes documentais cunha duración superior aos 50 minutos.
- c) Películas para televisión: telefilmes para TV cunha duración de entre 75 e 90 minutos. No caso de películas de animación para TV, a duración mínima será de 60 minutos.
- d) Formatos innovadores para televisión. Combinación única de elementos para crear un programa de televisión orixinal. Comprende o contido do programa ou serie de programas, ademais das indicacións técnicas para produci-lo, os elementos artísticos, avances orzamentarios (orzamento base) e *know-how* dos produtores.
- e) Pilotos de series de animación para TV.

2. O importe máximo da subvención non poderá superar o cincuenta por cento do investimento subvencionable e, en todo caso, a cantidade de 30.000 euros.

3. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, e quedará suxeito ao Regulamento (CE) nº 1998/2006, da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do tratado das axudas *de minimis*.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

1. Poderán optar a estas subvencións todas as persoas físicas ou xurídicas, constituídas como produtoras audiovisuais independentes, con sucursal ou oficina permanente polo menos dous anos, previo a esta convocatoria, na Comunidade Autónoma de Galicia ou nun Estado membro da UE ou que forme parte do acordo que establece a Área Económica Europea.

2. Os beneficiarios deberán ter un acordo ou contrato, como mínimo, cun autor ou guionista para desenvolver algún proxecto dos tipos sinalados no artigo anterior.

3. Non poderán acceder ás subvencións os solicitantes que se encontren afectados por algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2º e 10.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 3º.-Solicitudes.

1. As solicitudes para participar no procedemento de concesión das subvencións presentaranse na forma e prazo que se indiquen na convocatoria.

2. As solicitudes irán acompañadas da seguinte documentación administrativa:

- a) Copia compulsada ou cotexada do DNI do representante ou solicitante, no caso de que o solicitante non opte por autorizar a Agadic para o acceso aos seus datos persoais.
- b) Copia compulsada ou cotexada do documento público do poder notarial, con que actúa o representante, debidamente inscrito no Rexistro Mercantil.
- c) Copia compulsada ou cotexada da escritura de constitución da empresa e inscrición no Rexistro Mercantil da comunidade galega.
- d) Copia compulsada ou cotexada da tarxeta de identificación fiscal.
- e) Copia compulsada ou cotexada do documento acreditativo de estar ao día no pagamento do imposto de actividades económicas ou acreditación da exención do pagamento do citado imposto.
- f) Memoria da empresa, conforme o modelo recollido no anexo.
- g) Copia compulsada ou cotexada da declaración do imposto de sociedades e da declaración de operacións con terceiras persoas correspondentes aos exercicios 2008 e 2009. No caso da declaración de operacións con terceiras persoas do exercicio 2009, a presentación deberase realizar nos 15 días seguintes á finalización do prazo de presentación ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- h) Documentación compulsada ou cotexada e acreditativa de que o proxecto é obra orixinal e/ou de posuír os dereitos suficientes do guión, obra literaria

ou calquera outro medio que requira a obtención de dereitos ou opción de compra sobre eles.

i) Declaración de solicitudes efectuadas ou subvencións concedidas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas ou entes públicos ou privados de carácter nacional ou internacional, durante os dous exercicios fiscais anteriores e no actual, de acordo coa normativa reguladora das axudas *de minimis* establecida no Regulamento 1998/2006, da Comisión, do 15 de decembro.

j) Declaración responsable de ser empresa de produción independente conforme o establecido no artigo 3º desta resolución, así como de ter sucursal ou oficina permanente en Galicia polo menos dous anos previos a esta convocatoria.

k) Calendario desagregado de gasto para execución, indicando a parte executable en cada anualidade.

l) Certificación orixinal expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta onde se debe realizar o pagamento, en que conste: ordinal bancario, código de banco, código da sucursal e código da conta corrente.

De xeito voluntario, o solicitante poderá facer unha prelación para os proxectos e solicitudes presentados a esta convocatoria.

3. Ademais da documentación anterior, achegaranse seis exemplares encadernados coa seguinte documentación técnica:

a) Memoria explicativa do proxecto cunha extensión mínima de cinco páxinas.

b) Sinopse argumental cunha extensión máxima de dúas páxinas.

c) Tratamento ou argumento do proxecto cunha extensión mínima de vinte páxinas a dobre espazo.

d) Cronograma do proceso de desenvolvemento.

e) Orzamento das actividades de desenvolvemento do proxecto, segundo o modelo reflectido no anexo IV.

f) Acordo ou contrato co/s guionista/s, con especificación da situación dos dereitos de autor correspondentes.

g) Historial profesional do equipo creativo, guionista e empresa produtora.

h) Calquera outra documentación que o solicitante xulgue conveniente para a mellor defensa do proxecto.

4. A documentación técnica dos proxectos que non fosen subvencionados poderá ser retirada por petición dos solicitantes no prazo de seis meses a partir da data de resolución de adxudicación. En todo caso, transcorrido este prazo, esta documentación será destruída co obxecto de garantir a confidencialidade dos datos.

Artigo 4º.-*Consentimentos e autorizacións.*

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras. De conformidade co artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia, a presentación da solicitude de concesión da subvención comportará a autorización ao director da Agadic para solicitar as certificacións de non ter débedas coa Administración pública da comunidade autónoma, así como de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Estes requisitos deberán acreditarse, de ser o caso, antes de efectuar a proposta de resolución, así como da tramitación dos pagamentos, ao abeiro do disposto nos artigos 20.4º e 31.7º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, respectivamente.

Non obstante, se por razóns técnicas ou doutra índole estes certificados non puidesen ser obtidos polo órgano xestor, poderán serlle requiridos ao interesado.

2. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Agadic publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

3. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos.

Artigo 5º.-*Órganos competentes.*

O director da Agadic será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión das subvencións, correspondéndolle ao presidente do Consello de Dirección da Agadic ditar a resolución de concesión da subvención.

Artigo 6º.-*Instrución dos procedementos.*

1. De conformidade co establecido no artigo 20.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixese, considerará que desiste na súa petición, logo da correspondente resolución.

2. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderáselle requirir ao solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

3. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido no artigo seguinte.

4. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, en que se indicarán as causas desta.

Artigo 7º.-Comisión de valoración.

1. Para a avaliación dos proxectos presentados constituirase unha comisión de valoración que será nomeada polo presidente do Consello de Dirección da Agadic e que será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes, de acordo cos criterios fixados no artigo seguinte, así como de propoñer a concesión ou denegación das subvencións aos interesados.

2. A comisión de valoración estará formada por expertos independentes nomeados polo presidente do Consello de dirección da Agadic e estará presidida polo director da Agadic ou da persoa en quen delegue. Da comisión formarán parte catro vogais, profesionais de recoñecido prestixio nas diferentes áreas e funcións da industria audiovisual ou do ámbito da cultura, actuando como secretario unha persoa designada polo director da Agadic pertencente ao cadro de persoal da Agadic con voz e sen voto.

Os membros das comisións de expertos declararán por escrito non ter relación cos solicitantes ou, se é o caso, cos partícipes das persoas xurídicas solicitantes na correspondente convocatoria anual.

3. As decisións do comité de expertos especificarán a avaliación que lles corresponde en aplicación dos criterios de avaliación e asignarán as cantidades específicas para cada proxecto, ata esgotaren o crédito dispoñible, e respectando as porcentaxes máximas de investimento subvencionable en función das súas posibilidades de financiamento e segundo as diferentes modalidades descritas no anexo I, artigo 1º.

4. O resto das actuacións subvencionables quedará en reserva para seren atendidas ben co crédito que quedase libre de producirse algunha renuncia ou modificación nos proxectos inicialmente subvencionados, ben co incremento dos créditos orzamentarios destinados a estas subvencións.

Artigo 8º.-Criterios de valoración.

Na valoración realizada pola comisión de valoración teranse en conta os seguintes criterios (máximo 70 puntos):

a) A calidade, creatividade e orixinalidade do proxecto (ata 20 puntos).

b) A contribución ao desenvolvemento de contidos específicos da cultura galega ou á sinerxía entre as industrias culturais da nosa comunidade autónoma (ata 10 puntos).

c) Viabilidade e potencial de produción do proxecto (ata 10 puntos).

d) As posibilidades do proxecto para o fomento do emprego no sector audiovisual galego -persoal artístico, técnico e de servizos- e a aplicación de recur-

sos de Galicia na execución do desenvolvemento (ata 10 puntos).

e) Adecuación do orzamento de desenvolvemento, segundo o modelo que figura no anexo IV (ata 5 puntos).

f) Historial da produtora (ata 5 puntos).

g) Historial do/s guionista/s e do resto do equipo creativo (ata 5 puntos).

Artigo 9º.-Resolución e notificación.

1. A comisión de valoración emitirá o informe en que se concrete o resultado da avaliación efectuada. O órgano instrutor enviaralle o informe da comisión de valoración, xunto coa proposta de resolución, á Presidencia do Consello de Dirección da Agadic.

2. A Presidencia do Consello de Dirección da Agadic, no prazo de 15 días desde a data de elevación da proposta de resolución, e á vista da proposta, ditará a correspondente resolución, que deberá estar debidamente motivada e expresará, cando menos, a actuación que se subvenciona e o seu custo, así como a subvención concedida e a súa contía ou, se é o caso, a causa de denegación.

3. O prazo máximo para resolver e notificarlle a resolución ao interesado será de seis meses, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Se transcorrese o prazo máximo para resolver sen que se ditase resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

4. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 59.5º b) da indicada lei, no caso das subvencións concedidas poderase substituír a notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Agadic. Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada. As solicitudes desestimadas notificaranse individualmente, con indicación das causas da desestimación.

No prazo máximo de tres meses contados desde a data da resolución publicarase no *Diario Oficial de Galicia*, e será inseridos igualmente na páxina web desta axencia a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención. Porén, cando os importes das subvencións concedidas e individualmente consideradas sexan de contía inferior aos 3.000 euros, non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que será substituída pola publicación das adxudicadas na páxina web da Agadic.

Artigo 10º.-Réxime de recursos.

A presente resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante a Presidencia do Consello de Dirección da Axencia Galega das Industrias Culturais, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 11º.-*Modificación da resolución.*

A alteración substancial das condicións definitivas do proxecto consideradas para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais que non estivesen recollidas no plano de financiamento presentado en cumprimento do artigo 3º destas bases reguladoras poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 12º.-*Aceptación e renuncia.*

1. Os beneficiarios deberán enviar unha ficha do proxecto debidamente cuberta para a súa publicación na páxina web da Agadic, segundo o modelo do anexo IV.

2. Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución de concesión, transcorridos dez días hábiles desde a notificación ou publicación desta sen que o interesado comunicase expresamente a súa renuncia á subvención, entenderase que a acepta e desde ese momento adquirirá a condición de beneficiario. A renuncia á subvención poderá facerse axustándose ao modelo que se inclúe como anexo III, así como por calquera outro medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 91 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

No caso de que se comunicase a renuncia, a Dirección da Agadic ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 42.1º da mesma lei.

Artigo 13º.-*Obrigas dos beneficiarios.*

1. Sen prexuízo das obrigas dispostas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os beneficiarios das subvencións quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. As producións subvencionadas deberán axustarse fielmente ao proxecto presentado. Calquera alteración relevante do proxecto, cambio de título, modificación substancial de contidos ou trocos nos responsables do equipo técnico deberalle ser notificada con anterioridade á Agadic, que adoptará as medidas que considere procedentes.

2. Na futura documentación do proxecto (materiais de promoción e distribución) e nos títulos de crédito da produción resultante, páxina web... farase constar que recibiu unha subvención ao desenvolvemento ou produción por parte da Agadic coa súa imaxe corporativa.

Artigo 14º.-*Xustificación da subvención.*

O beneficiario deberá presentar no Rexistro da Agadic, tendo de prazo ata a data indicada na correspondente convocatoria anual, a conta xustificativa da realización do desenvolvemento do proxecto subvencionado, que conterá:

1. Memoria final.

a) Unha copia do guión en galego.

b) O contrato definitivo co guionista.

c) Xustificante de inscrición do proxecto no Rexistro de Propiedade Intelectual.

d) Memoria explicativa dos contactos realizados durante a fase de desenvolvemento, situación actual e evolución do proxecto, cunha extensión mínima de cinco páxinas.

e) Un exemplar do plan de produción.

f) Un exemplar do plan de financiamento coas diferentes entradas comprometidas ou en negociación, debidamente xustificadas.

g) A proposta de equipo técnico-artístico, que incluíra, como mínimo, a identidade do director e o produtor executivo e tamén a listaxe dos xefes do equipo técnico e unha proposta do elenco.

h) Achegaranse, sempre que sexa posible, cartas de aceptación/interese por parte dos profesionais incluídos nestas listaxes.

i) Na modalidade de pilotos de series de animación, copia en DVD da produción final.

2. Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá por duplicado:

a) Relación numerada e ordenada por capítulos de gastos que inclúan o número de documento, identificación do acredor, o importe, a data de emisión, a suma parcial (folla por folla) e a suma do total da relación de gastos, excluído o IVE. Non se terán en conta os pagamentos en efectivo.

b) Facturas ou documentos, orixinais ou compulsados, de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, e documentos xustificativos do seu pagamento, orixinais ou compulsados, incorporados na mesma orde que na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior.

3. Así mesmo, antes do derradeiro pagamento, o peticionario presentará unha declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas para un mesmo proxecto, tanto as aprobadas como as pendentes de resolución, das diferentes administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, de acordo coa resolución do Consello de Contas do 30 de novembro de 1999, en que se establece o mecanismo de seguimento e control de concorrencia e acumulación de axudas públicas.

4. O beneficiario poderá xustificar ata un máximo do 35% do gasto executado en concepto de capitalización polo traballo. Para estes efectos, terán a consideración de capitalización polo traballo as achegas

que non sexan en diñeiro, realizadas en forma de prestación laboral, artística ou profesional, a cambio de dereitos de propiedade ou explotación sobre o ben ou servizo obxecto da actividade realizada. O contrato de capitalización polo traballo deberá ser acreditado por calquera medio válido en dereito.

Artigo 15º.-*Pagamento.*

1. Subvencións anuais.

1.1. Tras solicitude previa á Dirección da Agadic poderase autorizar un anticipo de ata o 50% da subvención. Para recibir o anticipo deberase presentar:

a) Petición do libramento con indicación dos motivos que exixen o pagamento anticipado.

b) Declaración asinada do conxunto de subvencións obtidas e/ou solicitadas para o mesmo proxecto en calquera outra Administración, organismo ou ente público ou privado.

1.2. O importe total ou o restante, en caso de ter recibido o anticipo, tras cumprir os requisitos enumerados no artigo 14º destas bases.

2. Subvencións plurianuais.

2.1. Tras solicitude previa á Dirección da Agadic, poderase autorizar un anticipo de ata o 50% da subvención. Para recibir o anticipo deberase presentar:

a) Petición do libramento con indicación dos motivos que exixen o pagamento anticipado.

b) Declaración asinada do conxunto de subvencións obtidas e/ou solicitadas para o mesmo proxecto en calquera outra Administración, organismo ou ente público ou privado.

Os beneficiarios que soliciten o pagamento anticipado, e antes de cada un dos pagamentos parciais correspondentes a cada anualidade, sempre que tales cantidades excedan dos 18.000 euros, deberán constituír unha garantía, mediante seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou mediante aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca, que deberá cubrir o 110% do importe do anticipo, e deberá alcanzar como mínimo ata os dous meses seguintes á finalización do prazo de xustificación. Quedan exonerados da constitución de garantía os beneficiarios e nos casos establecidos no artigo 65.4º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2.2. O importe correspondente ás anualidades distintas da derradeira farase efectivo logo da presentación da memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas e correspondentes á anualidade, por un importe como mínimo igual á parte da subvención fixada para esa anualidade, que conterà por duplicado:

a) Relación numerada e ordenada por capítulos de gastos que inclúan o número de documento, identificación do acredor, o importe e a data de emisión, a suma parcial (folla por folla) e a suma total da relación de gastos, excluído o IVE.

b) Facturas ou documentos, orixinais ou compulsados, de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil e con eficacia administrativa, e documentos xustificativos do seu pagamento, orixinais ou compulsados, incorporados na mesma orde que na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior.

2.3. O importe da derradeira anualidade farase efectivo no momento de finalizar a obra audiovisual e tras cumprir os requisitos enumerados no artigo 15º destas bases.

Artigo 16º.-*Incumprimento, reintegros e sancións.*

1. O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria, ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes, nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 17º.-*Control.*

1. Os solicitantes e beneficiarios quedan sometidos ás actuacións de comprobación e control efectuadas polo órgano competente para resolver, así como ás de control financeiro desenvolvidas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, segundo o establecido título III da Lei 9/2007, ou polo Consello de Contas ou Tribunal de Contas, segundo a súa normativa.

2. Ademais, deberanlle facilitar á Agadic toda a información e documentación complementaria que esta considere precisa para a concesión ou aboamento do importe da subvención.

Artigo 18º.-*Remisión normativa.*

Para todo o non previsto nestas bases haberá que aterse ao previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; no Regulamento (CE) 1998/2006, da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do tratado das axudas de minimis, e na restante normativa que resulte de aplicación.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO

ANEXO II

PROCEDEMENTO SOLICITUDE DE SUBVENCIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS AUDIOVISUAIS EN LINGUA GALEGA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO CT207B	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE E DA EMPRESA

NOME DA EMPRESA	CIF	
REPRESENTANTE LEGAL	DNI	
RESPONSABLE DO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO	DNI	
ENDEREZO DA EMPRESA	CÓDIGO POSTAL	
PROVINCIA	LOCALIDADE	TELÉFONO
CORREO ELECTRÓNICO	FAX	

DATOS DA SUBVENCIÓN SOLICITADA

TÍTULO DO PROXECTO:	
ORZAMENTO DE DESENVOLVEMENTO	SUBVENCIÓN SOLICITADA:
ANUAL <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	BIANUAL <input type="checkbox"/> 20 <input type="checkbox"/> 20 <input type="checkbox"/>
TIPO DE PROXECTO	<input type="checkbox"/> LONGAMETRAXES DE FICCIÓN <input type="checkbox"/> PELÍCULAS PARA TELEVISIÓN <input type="checkbox"/> FORMATOS INNOVADORES PARA TELEVISIÓN <input type="checkbox"/> LONGAMETRAXES DOCUMENTAIS <input type="checkbox"/> PILOTO DE SERIE DE ANIMACIÓN

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA QUE SE XUNTA:

<p>DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA (UN EXEMPLAR)</p> <p>a) Copia compulsada ou cotexada do DNI do/a representante ou solicitante, no suposto de que o solicitante opte por non autorizar á AGADIC a verificación telemática dos seus datos persoais.</p> <p>b) Copia compulsada ou cotexada do documento público do poder notarial, co que actúa o/a representante, debidamente inscrito no Rexistro Mercantil.</p> <p>c) Copia compulsada ou cotexada da escritura de constitución da empresa e inscrición no Rexistro Mercantil da comunidade galega.</p> <p>d) Copia compulsada ou cotexada da tarxeta de identificación fiscal.</p> <p>e) Copia compulsada ou cotexada do documento acreditativo de estar ao día no pagamento do imposto de actividades económicas ou acreditación da exención do pagamento do citado imposto.</p> <p>f) Memoria da empresa, conforme o modelo recollido en anexo.</p> <p>g) Copia compulsada ou cotexada da declaración do imposto de sociedades e da declaración de operacións con terceiras persoas correspondentes aos exercicios 2008 e 2009. No caso da declaración de operacións con terceiras persoas do exercicio 2009, a presentación deberá realizarse nos 15 días seguintes á finalización do prazo de presentación ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria.</p> <p>h) Documentación compulsada ou cotexada e acreditativa de que o proxecto é obra orixinal e/ou de posuír os dereitos suficientes do guión, obra literaria ou calquera outro medio que requira a obtención de dereitos ou opción de compra sobre eles.</p> <p>i) Declaración de solicitudes efectuadas ou subvencións concedidas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas ou entes públicos ou privados de carácter nacional ou internacional, durante os dous exercicios fiscais anteriores e no actual, de acordo coa normativa reguladora das axudas <i>de minimis</i> establecida no Regulamento 1998/2006, da Comisión, do 15 de decembro.</p> <p>j) Declaración responsable de ser empresa de produción independente conforme o establecido no artigo 3 desta orde, así como de ter sede permanente en Galicia.</p> <p>k) Calendario desagregado de gasto para execución, indicando a parte executable en cada anualidade.</p> <p>l) Certificación orixinal expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta onde se debe realizar o pagamento, en que conste: ordinal bancario, código de banco, código da sucursal e código da conta corrente.</p> <p>Autorízase á Dirección da Axencia Galega de Industrias Culturais:</p> <p>1.- Comprobar, para as axudas e investimentos, o cumprimento pola entidade, das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa Facenda pública da Xunta de Galicia.</p> <p>2.- Para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no <i>Diario Oficial de Galicia</i>, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a cantidade e a súa finalidade, no xeito que determine o órgano competente.</p>	<p>DOCUMENTACIÓN TÉCNICA (6 EXEMPLARES)</p> <p>a) Memoria explicativa do proxecto.</p> <p>b) Sinopse argumental.</p> <p>c) Tratamento ou argumento do proxecto.</p> <p>d) Cronograma do proceso de desenvolvemento.</p> <p>e) Orzamento das actividades de desenvolvemento do proxecto, segundo o modelo no anexo 4.</p> <p>f) Acordo ou contrato co/ca ou cos/cas guionista/s con especificación da situación dos dereitos de autor correspondentes.</p> <p>g) Historial profesional do equipo creativo, guionista e empresa produtora.</p>
---	---

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, informoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

Autorizo á consellería de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro e a orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia. SI NON

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Resolución do 22 de marzo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para o desenvolvemento de proxectos audiovisuais en lingua galega e se convocan para o ano 2010.</i>	(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE
SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA	RECIBIDO	DATA DE ENTRADA
	REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS
		DATA DE SAÍDA

Director da Axencia Galega das Industrias Culturais

ANEXO III

MODELO DE RENUNCIA

D/Dna. [] con DNI nº [] actuando en
nome e representación de [] con enderezo
en []

MANIFESTA

Que o día [] recibiu a notificación da concesión da subvención que lle foi outorgada ao abeiro da Orde do [] pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para o desenvolvemento de proxectos audiovisuais en lingua galega, e se convocan para o ano 2009, para o proxecto [] por unha contía de [] (euros).

DECLARA

Que renuncia á subvención concedida cos efectos que establece a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Lugar e data

, de de 20

Sinatura

ANEXO IV

ORZAMENTO DE DESENVOLVEMENTO			
EMPRESA PRODUTORA:			
TÍTULO:			
1.- DEREITOS	Custo unitario	Unidades	Euros
1.1.- TEMA			
1.1.1. Adquisición dereitos autor			
1.1.1.1. Obra preexistente			
1.1.1.2. Obra orixinal			
1.1.2. Opcións			
1.1.2.1. Obra preexistente			
1.1.2.2. Obra orixinal			
1.2.- ADAPTACIÓN E DIÁLOGOS			
1.2.1. Adaptador/a			
1.2.2. Dialoguista			
1.2.3. Asesor/a de escritura do guión			
1.3.- ASESORES ESPECIALISTAS			
1.4.- OUTROS DEREITOS			
1.4.1. Imaxes de arquivo			
1.4.2. Fotografías e documentación			
1.4.3. Documentos sonoros			
1.4.4. Outros			
1.5.- TRADUTORES			
ao ...			
ao ...			
ao ...			
SUB TOTAL 1			
2.- PERSOAL			
2.1.- PRODUCCIÓN			
2.1.1. Responsable de desenvolvemento			
2.2.- REALIZACIÓN			
FICCIÓN OU DOCUMENTAL			
Realizador/a ou director/a			
Director/a de fotografía			
Outros/as (precisar)			
ANIMACIÓN			
Director/a do proxecto			
Director/a técnico			
Equipo dirección artística			
Equipo técnico			
Outros/as (precisar)			
MULTIMEDIA INTERACTIVO			
Director/a do proxecto			
Director/a programación interactiva			
Equipo infográfico e interactivo			
Outros/as (precisar)			
2.3.- PERSOAL DE PRODUCCIÓN			
2.3.1. Director/a de produción			
2.3.2. Producción de desenvolvemento			
2.3.3. Secretaría			
2.4.- OUTROS/AS (precisar)			
SUB TOTAL 2			

3.- SEGURIDADE SOCIAL			
3.1.- DEREITOS E PERSOAL			
Especificar	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
SUB TOTAL 3			<input type="text"/>
4.- TRANSPORTE, ALOXAMENTO E AXUDAS DE CUSTO			
4.1.- AUTORES			
4.1.1. Viaxes	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
4.1.2. Hoteis	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
4.1.3. Comidas	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
4.1.4. Gastos de comunicación	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
4.1.5. Outros	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
4.2.- PRODUCCIÓN NO DESENVOLVEMENTO			
4.1.1. Viaxes	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
4.1.2. Hoteis	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
4.1.3. Comidas	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
4.1.4. Gastos de comunicación	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
4.1.5. Outros	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
SUB TOTAL 4			<input type="text"/>
5.- MEDIOS TÉCNICOS			
5.1.- LOCALIZACIÓN			
5.1.1. Alquiler equipamentos	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
5.1.2. Bens consumibles	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
5.1.3. Outros	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
5.2 ANIMACIÓN E MULTIMEDIA (producción)			
Gastos técnicos (especificar)	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
SUB TOTAL 5			<input type="text"/>
6.- VARIOS			
6.1.- SEGUROS	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
6.2.- GASTOS XURÍDICOS			
6.2.1. Asesoramento xurídico	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
6.2.2. Actos xurídicos	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
6.3.- ASESOR/A CONTABILIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
6.4.- TRANSACCIÓN BANCARIAS			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
6.5.- GASTOS PRESENTACIÓN PROXECTO			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
SUB TOTAL 6			<input type="text"/>
7.- GASTOS XERAIS			
Suma CAPÍTULOS 1-6			<input type="text"/>
7% do total 1 a 6			<input type="text"/>
SUB TOTAL 7			<input type="text"/>
8.- IMPREVISTOS			
Suma 1-7			<input type="text"/>
5% do total 1 a 7			<input type="text"/>
SUB TOTAL 8			<input type="text"/>
TOTAL ORZAMENTO DE DESENVOLVEMENTO			<input type="text"/>

NOME DA EMPRESA		<input type="text"/>
TÍTULO:		<input type="text"/>
RESUMO DO ORZAMENTO		
1.- DEREITOS		Total Euros
1.1. Tema		<input type="text"/>
1.2. Adaptación e diálogos		<input type="text"/>
1.3. Asesores especialistas		<input type="text"/>
1.4. Outros dereitos		<input type="text"/>
1.5. Tradutores		<input type="text"/>
	SUB TOTAL 1	<input type="text"/>
2.- PERSOAL		
2.1. Produción		<input type="text"/>
2.2. Realización		<input type="text"/>
2.3. Equipo de produción		<input type="text"/>
2.4. Outros/as (especificar)	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	SUB TOTAL 2	<input type="text"/>
3.- SEGURIDADE SOCIAL		
3.1. Persoal		<input type="text"/>
	SUB TOTAL 3	<input type="text"/>
4.- TRANSPORTE, ALOXAMENTO E AXUDAS DE CUSTO		
4.1. Autores		<input type="text"/>
4.2. Equipo de desenvolvemento		<input type="text"/>
	SUB TOTAL 4	<input type="text"/>
5.- MEDIOS TÉCNICOS		
5.1. Localización		<input type="text"/>
	SUB TOTAL 5	<input type="text"/>
6.- VARIOS		
6.1. Seguros		<input type="text"/>
6.2. Gastos xurídicos		<input type="text"/>
6.3. Contabilidade		<input type="text"/>
6.4. Gastos de transaccións bancarias		<input type="text"/>
6.5. Presentación do proxecto		<input type="text"/>
	SUB TOTAL 6	<input type="text"/>
7.- GASTOS XERAIS		
7. (7% do total das partidas 1 ao 6.5)		<input type="text"/>
	SUB TOTAL 7	<input type="text"/>
8.- IMPREVISTOS		
8. (5% do total das partidas 1 ao 6.5)		<input type="text"/>
	SUB TOTAL 8	<input type="text"/>
	SUB TOTAL 6-7-8	<input type="text"/>
ORZAMENTO TOTAL DE DESENVOLVEMENTO		<input type="text"/>

ANEXO V

MEMORIA DA EMPRESA

ENTIDADE SOLICITANTE

A. ANTIGÜIDADE DA EMPRESA

ANOS DE ANTIGÜIDADE DA EMPRESA (DATA DE CREACIÓN/CONSTITUCIÓN)
ANTECEDENTES (no caso de fusión, cambio de razón social, subrogación ou outras incidencias)

B. SEDE SOCIAL E SOCIOS

SEDE SOCIAL			
FORMA XURIDICA			
<i>SOCIOS (SE PROCEDE)</i>			
NOME E APELIDOS	DNI	DATA DE NACEMENTO	PORCENTAXE DE PROPIEDAD

C. INGRESOS DA EMPRESA DOS ÚLTIMOS TRES EXERCICIOS ECONÓMICOS

2007	2008	2009

D. COTIZACIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL (importe das cotas empresariais á S.S. dos últimos 3 anos)

2007	2008	2009

	,		de		de	
--	---	--	----	--	----	--

(Sinatura e selo da entidade)